



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA 25/01/2022, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

PRESIDENTE

MARCOTE SUAREZ, José (PSOE)

CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)
SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

SECRETARIO-ACCIDENTAL

Juan Carlos Carril Pérez

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 25/01/2022, reúnense no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 113.1.c) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución da Xunta de Goberno Local requírese a asistencia da maioría absoluta dos seus compoñentes.

Comprobado pola Secretaria - Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración da Xunta de Goberno Local en primeira convocatoria, o Sr. Alcalde - Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

ORDE DO DIA

- 1 - APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESION ANTERIOR.
- 2 - LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS.
- 3 - PARTICIPACIÓN NAS AXUDAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A FINANCIACIÓN DE ACTUACIÓN EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO.
- 4- ASUNTOS VARIOS.

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Xunta de Goberno Local, quere formular algunha observación, ao contido da acta do 4/01/2022, distribuída coa convocatoria.

Non facendo uso da palabra ningún concelleiro, o Sr. Alcalde-presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local de 4/01/2022, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º) LICENZAS E COMUNICACIÓN PREVIAS

LICENZAS DE OBRAS

EXPEDIENTE: 2021/U022/000011

A) Visto o escrito co número 2021/999/00000722 (RET) do Rexistro Telemático de Entrada deste Concello de data 16/11/2021, presentado por Xoan Bautista Albores Tajés, en representación de CARLA MARIA MARCOTE DOMINGUEZ, no que achega Proxecto de Execución redactado polo arquitecto Xoan B. Alborés Tajés, colegiado



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

3125 do COAG, visado o día 16/11/2021 do número 2106641,2, así como oficios de dirección de obra.

Visto o informe favorable emitido o pasado 19/01/2022, polo arquitecto que presta servizos nesta corporación, en relación coa licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local, na sesión que celebrou o pasado 29/07/2021, a nome de Carla María Marcote Domínguez, para a construción dunha vivenda unifamiliar de pranta baixa e conexión coa rede de saneamento e abastecemento de auga pública, segundo proxecto básico sen visar de data abril de 2021, redactado polo arquitecto colexiado COAG nº 3125 Xoán B. Alborés Tajés e título "Proxecto Básico para vivenda unifamiliar aillada". (Referencia Catastral 15038A502004580000DD).

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1) Aprobar o Proxecto de Execución presentado por CARLA MARIA MARCOTE DOMINGUEZ, para proceder á "Construción de Vivenda Unifamiliar de Planta Baixa" emprazada nunha parcela, con Referencia Catastral 15038A502004580000DD; redactado polo Arquitecto Xoan B. Alborés Tajés, visado con data 16/11/2021 e documentación que consta no expediente, ó cal deberá axustarse plenamente, cumprindo con todas as condicións e normas que foron impostas no seu día na licenza urbanística.

En todo caso,

- O inicio das obras deberá comunicarse ao concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente licenza xa que o seu incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade segundo o art. 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

- Conectarase pola súa conta e cargo aos servizos públicos existentes.

- Repoñerase ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais.

- Co fin de garantir a reposición do firme ou beirarrúa que pudiera ser afectada polas obras pretendidas deberase presentar aval bancario ou realizar un depósito na conta do concello de cincocentos euros (500,00 €).

- En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- Nº EXPEDIENTE DA LICENZA DE OBRA: 2021/U022/000011
- DATA EXPEDICIÓN DA LICENZA: Xunta de Goberno Local 29/07/2021
- ORDENANZA DE APLICACIÓN: Núcleo Rural Común (NR-Cm1)
- PROMOTOR: D^a. Carla María Marcote Domínguez
- CONSTRUTOR:
- DIRECTOR DE OBRA: Xoan B. Alborés Tajés
- DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL: Juan Ramón Insua Redonda.
- NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: B
- USO: Vivenda Unifamiliar
- PRAZA MAXIMO DE EXECUCIÓN: 3 anos desde a data de conceisión da licenza



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

O Cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo e o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

2) Notificar este acordo á promotora para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS MENORES

EXPEDIENTE: 2019/U010/000016

Vista a Comunicación Previa de Obra presentada co número 2019/000/00003158 (RE) de 12/12/2019, por JAVIER SAR DOMINGUEZ, para a realización de obras consistentes na conexión coa rede xeral de sumidoiros dunha edificación (Referencia catastral número: 8827115MH7582N0001TH).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 19/12/2019, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, polo que deberá presentar:

- Proxecto de obras ordinarias de urbanización realizado por técnico competente que permita solicitar autorización previa da Axencia Galega de Infraestruturas.

Considerando, que mediante oficio co número 2019/000/00002438 (RS) de 19/12/2019, dirixese oficio a JAVIER SAR DOMINGUEZ, requiríndolle a presentación de documentación que consta no informe técnico de 19/12/2019, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación.

Considerando, que co número 2020/999/000000126 (RE) de 4/06/2020, Xoan Bautista Alborés Tajés, achega documentación complementaria que inclúe o Proxecto de Obras ordinarias para a conexión á rede de saneamento municipal, de data xuño de 2020, redactado polo arquitecto Xoan B. Alborés Tajés, colexiado 3.125 COAG.

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 15/06/2020, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, polo que deberá presentar:

- Autorización da Administración titular da estrada AC-445.

Considerando, que mediante oficio co número 2020/000/00000840 (RS) de 17/06/2020, dirixese oficio a JAVIER SAR DOMINGUEZ, requiríndolle a presentación de documentación que consta no informe técnico de 15/06/2020, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación.

Considerando, que co número 2021/999/000000603 (RE) de 5/10/2021, Xoán Bautista Alborés Tajés, achega documentación complementaria da denegación das obras de demolición da construción auxiliar por estar a totalidade da edificación en solo de dominio público viario da AC-445, sendo expropiada para o mesmo, tanto a edificación coma o solo.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Considerando, que co número 2021/999/00000604 (RE) de 5/10/2021, Xoan Bautista Alborés Tajés, achega documentación complementaria que inclúe a autorización para as obras de conexión coa rede municipal de saneamento, asinada con data 16/08/2021, polo Xefe do Servizo da Axencia Galega de Infraestruturas, pertencente á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia.

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 14/10/2021, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, polo que deberá presentar:

- Autorización do Organismo Augas de Galicia.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00001880 (RS) de 22/10/2021, dirixese oficio a JAVIER SAR DOMINGUEZ, requiríndolle a presentación de documentación que consta no informe técnico de 15/06/2020, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación.

Considerando, que co número 2021/999/00000816 (RE) de 23/12/2021, Xoan Bautista Alborés Tajés, achega documentación complementaria que inclúe a autorización de obras de urbanización para conexión á rede de saneamento municipal, asinada con data 21/12/2021, polo Subdirector Xeral de Xestión do Dominio Público de Augas de Galicia, pertencente á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia.

Resultando que da acta de comprobación documental de data 12/01/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, despréndese que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, debendo en todo caso repoñer o firme co mesmo material ou o pavimento orxinal e cumprir coas condicións específicas reflectidas na Ordenanza Reguladora dos Procedementos de intervención administrativa nos actos do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a JAVIER SAR DOMINGUEZ, a realización de obras consistentes na conexión coa rede xeral de sumidoiros dunha edificación (Referencia catastral número: 8827115MH7582N0001TH), debendo en todo caso repoñer o firme co mesmo material que o pavimento orxinal e cumprir coas seguintes condicións específicas:

- As obras de acometida ás redes municipais de abastecemento de auga ou de saneamento serán realizadas polo interesado ata a ocupación do subsolo ou solo do dominio público municipal, a partir do que serán continuadas ou dirixidas pola empresa adxudicataria do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento e ata a súa conexión á rede a cargo do petionario.

- Se estas obras de acometida ás rede municipais afectan ao subsolo ou solo de dominio público doutras Administracións Públicas, terán que executarse polos interesados, ademais de coas condicións que máis abaixo se indican, coas condicións e requisitos esixidos polas ditas Administracións nas autorizacións que, se procede, concedan para a execución das obras e ata a conexión ou entronque á rede municipal que será executado pola empresa adxudicataria do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

En todo caso as obras de acometida a estas redes de servizo municipal teranse que executar coas seguintes condicións:

- a) Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras de conexión ao saneamento municipal (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que desta xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de saneamento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que e producirá o entronque coa rede de saneamento.
 - b) Existirá unha arqueta sinfónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terá unha pendente mínima do 2%.
 - c) Dende a arqueta sinfónica dispoñeráse dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160 mm, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida entre o 1% e o 6%. O tubo discorrerá o mais recto posible, non se permiten curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro correspondente.
 - d) A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante, farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte. Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/I de 20 cm de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm de altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xuntas con morteiro de cemento e area de rúa M-15. Nalgún caso, onde haxa xa pozos a distancias mais ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda e estando esta a pouca distancia do punto de entronque do colecto coa rede xeral é innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.
 - e) No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, disporase un pozo de bombeo en luar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antiretorno.
 - f) O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer parellas ambas instalacións.
 - g) A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.
 - h) Non se poderán conectar á rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as que terán que ser canalizadas cara á cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.
 - i) O interesado comunicárase coa empresa do servizo de saneamento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.
- 2º) Co fin de garantir a reposición do firme presentárase ante o Concello de Fisterra unha fianza de trescentos euros (300,00 €).
- 3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

EXPEDIENTE: 2021/U026/000142

Vista a Comunicación Previa de Obra presentada co número 2021/000/00002227 (RE) de 26/10/2021, por JUAN ANGEL RIVERA GONZALEZ, para a realización de obras consistentes no cambio de 3 fiestras e a porta de entrada a vivenda (Referencia catastral número: 8506705MH7580N0001UT).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 5/11/2021, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, polo que deberá presentar:

- Nova documentación onde se aclare mediante fotografías a situación dos elementos a substituir.
- Material a empregar na substitución.

Considerando, que mediante oficio co número 2021/000/00001918 (RS) de 15/12/2021, dirixese oficio a JUAN ANGEL RIVERA GONZALEZ, requiríndolle a presentación de documentación que consta no informe técnico de 5/11/2021, emitido polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación.

Considerando, que co número 2022/000/000000152 (RE) de 4/01/2022, JUAN ANGEL RIVERA GONZALEZ, contesta ao requirimento realizado e aporta a documentación solicitada.

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 12/01/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, debendo cumprir en todo caso que na cor a empregar no acabado da carpintería debe axustarse aos criterios establecidos na Guía de cores de Materiais de Galicia que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ten publicada na súa páxina web.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a JUAN ANGEL RIVERA GONZALEZ, o título habilitante para a realización de obras consistentes no cambio de 3 fiestras e a porta de entrada a vivenda (Referencia catastral número: 8506705MH7580N0001UT), condicionado a que:

- A cor a empregar no acabado da carpintería debe axustarse aos criterios establecidos na Guía de cores de Materiais de Galicia que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ten publicada na súa páxina web.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2021/U026/000158

Vista a Comunicación Previa de Obra presentada co número 2021/000/00002425 (RE) de 23/11/2021, por RAMONA CANOSA INSUA, para a realización de obras consistentes no peche lateral con encofrado de formigón de 40 cm e postes metálicos con rede, da parcela (Referencia catastral número: 15038A023002340001GY).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 3/12/2021, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, polo que deberá presentar consulta descritiva e gráfica de datos catastrais da parcela.

Considerando, que mediante oficio de 15/12/2021, dirixese oficio a RAMONA CANOSA INSUA, requiríndolle a presentación de datos catastrais descritos e gráficos da parcela.

Considerando, que co número 2021/000/00002642 (RE) de 20/12/2021, RAMONA CANOSA INSUA, presenta plano de consulta descritiva e gráfica con datos catastrais da finca na que pretende realizar o peche.

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 28/12/2021, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declarase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, polo que deberá presentar declaración responsable para actuacións menores no domicilio público hidráulico e zona de policía, por ser peche de malla.

Considerando, que no expediente consta declaración responsable asinada por RAMONA CANOSA INSUA, para a realización de obras na zona de servidume de protección do dominio público marítimo - terrestre dirixida á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, enviada a través do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR) co número 2022/900/00000003 de 4/01/2022.

Resultando que da acta de comprobación documental de data 12/01/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, despréndese que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a RAMONA CANOSA INSUA, o título habilitante para a realización de obras consistentes no peche lateral con encofrado de formigón de 40 cm, postes metálicos e rede, da parcela (Referenciacastral número: 15038A023002340000FT), condicionado a que:

- O recuado que se debe realizar con respecto ás vías que da fronte e que constan no Inventario de Bens que obra neste concello é de 12,50 e 5,00 metros ao eixo da vía segundo os planos de ordenación do PXOM de Fisterra.

- A obra a realizar atópase nas proximidades dun cauce de policía do mesmo, polo que a execución de calquera obra ou traballo na zona de policía de cauces precisará autorización administrativa previa do organismo de conca polo que é necesario acadar autorización do organismo Augas de Galicia.

2º) Antes do inicio da obra deberá solicitar na área de urbanismo do Concello de Fisterra, que se fixe sobre a parcela a alineación e o retranqueo do peche con respecto ao vial público.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2021/U026/000166

Vista a Comunicación Previa de Obra presentada co número 2021/000/00002599 (RE) de 13/12/2021, por ANA MARIA INSUA ARMESTO, para a realización de obras consistentes no encintando de dúas



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

fachadas, colocación de canaleta, de aluminio en cor marrón, para a recollida de augas pluviais, na edificación (Referencia catastral número: 8416801MH7581N0001KX).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 27/12/2021, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declárase incompleta a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa, polo que deberá presentar:

- Declaración responsable para a realización de obras de reparación, mellora, consolidación e modernización en construción localizada na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.

Considerando, que no expediente consta declaración responsable asinada por ANA MARIA INSUA ARMESTO, para a realización de obras na zona de servidume de protección do dominio público marítimo - terrestre dirixida á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, enviada a través do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR) co número 2021/900/00000985 de 28/12/2021.

Resultando que da acta de comprobación documental de data 12/01/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, despréndese que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a ANA MARIA INSUA ARMESTO, o título habilitante para a realización de obras consistentes no encintando de dúas fachadas, colocación de canaleta, de aluminio en cor marrón, para a recollida de augas pluviais, na edificación (Referencia catastral número: 8416801MH7581N0001KX).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2021/U026/000170

Vista a Comunicación Previa de Obra presentada co número 2021/999/00000773 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos (RTE) de 1/12/2021, por ALBERTO SUAREZ FONTENLA, en nome e representación de UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDADE, S.A., con CIF: A-63.222.533, para a realización de obras consistentes na realización dunha canalización de 110 metros de lonxitude para o subministro de 79,04 KW ao edificio sito na Avenida de Galicia, cunha nova saída do cadro de BT co final na conexión coa CPM. (Referencia catastral número: 8219811MH7581N0001BX).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 3/01/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declárase completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a ALBERTO SUAREZ FONTENLA, en nome e representación de UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDADE, S.A., con CIF: A-63.222.533, para a



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

realización de obras consistentes na realización dunha canalización de 110 metros de lonxitude para o subministro de 79,04 KW ao edificio sito na Avenida de Galicia, cunha nova saída do cadro de BT co final na conexión coa CPM. (Referencia catastral número: 8219811MH7581N0001BX), debendo en todo caso:

- Informar ao concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada no concello.
- Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos e retirados, se fose o caso, con colectores axeitados, que de ser o caso serán descargados en vertedoiro autorizado.
- Repoñerase ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais.
- Coas obras pretendidas é necesario levantar o pavimento existente no viario, polo que será necesario a presentación dun aval bancario ou depositar na conta do concello o importe do custo de reposición da urbanización. Este importe é de catro mil euros (4.000,00 €). Esta garantía será devolta cando os servizos técnicos xiren visita tras a realización das obras e se comprobe que o pavimento quedou igual que o estado inicial á executar as pretendidas obras.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2021/U026/000171

Vista a Comunicación Previa de Obra presentada co número 2021/000/00002685 do Rexistro de Entrada de Documentos (RE) de 27/12/2021, por CARLOS CANOSA SANTAMARIA, en nome e representación dos Veciños do lugar de Suarriba, para a realización de obras consistentes no reemprazo da tubería da auga veciñal, no tramo que vai desde o lugar de Buxán ao alto do Caribio, coa finalidade de abastecer de auga á localidade de Suarriba.

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 4/01/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declárase completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a CARLOS CANOSA SANTAMARIA, en nome e representación Dos Veciños do lugar de Suarriba, para a realización de obras consistentes no reemprazo da tubería da auga veciñal, no tramo que vai desde o lugar de Buxán ao alto do Caribio, coa finalidade de abastecer de auga á localidade de Suarriba.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2022/U026/000003

Vista a Comunicación Previa de Obra presentada co número 2022/000/00000047 (RE) de 11/01/2022, por FRANCISCO JOSE PAZOS INSUA, para a realización de obras consistentes no pintado en cor branco das fachadas principal e traseira dun local existente, así como o pintado interior do mesmo, nunha edificación (Referencia catastral número: 8710226MH7581S0001LU).



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 19/01/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, despréndese que as obras solicitadas pódense encadrar dentro das obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, e a obra solicitada está permitida segundo a normativa de aplicación e declarase completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a FRANCISCO JOSE PAZOS INSUA, o título habilitante para a realización de obras consistentes no pintado en cor branco das fachadas principal e traseira dun local existente, así como o pintado interior do mesmo, nunha edificación (Referencia catastral número: 8710226MH7581S0001LU).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE: 2022/U026/000004

Vista a Comunicación Previa de Obra presentada co número 2022/000/00000053 (RE) de 12/01/2022, por JOSEFINA MARCOTE CANOSA, para a realización de obras consistentes no pintadodas fachadas, en cor clara, da súa vivenda sita no domicilio de residencia (Referencia catastral número: 000402700MH75B0001EY).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 19/01/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, desprendese que as obras solicitadas pódense encadrar dentro das obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, e a cor pretendida está permitida segundo a normativa de aplicación; declárase completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas na comunicación previa.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a JOSEFINA MARCOTE CANOSA, o título habilitante para a realización de obras consistentes no pintado das fachadas, en cor clara, da súa vivendasita no domicilio de residencia (Referencia catastral número: 000402700MH75B0001EY).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

EXPEDIENTE:

Vista a solicitude presentada co número 2021/000/00002639 (RE) de 17/12/2021, por PILAR CASTREJE ESTEVEZ, no que con motivo de non ter espazo suficiente para instalar o contador de auga na fachada da edificación, vai proceder a súa colocación no interior do inmovible (Ref. Catastral número 8607505MH7580N0001LT).

Considerando, que da acta de comprobación documental de data 19/01/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, desprendese que en todo caso o contador homologado deberá ser accesible desde o espazo público polo que



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

deberá colocarse no muro da fachada ou na rúa enrasado coa aliñación da fachada e en calquera caso, con acceso directo desde a vía pública.

De conformidade co previsto no artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia; a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Denegar a PILAR CASTREJE ESTEVEZ, a colocación do contador de auga no interior do inmovible, en base a que o contador de auga será homologado e deberá ser accesible desde o espazo público, polo que deberá colocarse no muro da fachada ou na rúa, enrasado coa aliñación da fachada, e en calquera caso, con acceso directo desde a vía pública. (Ref. Catastral número 8607505MH7580N0001LT).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

3º) PARTICIPACIÓN NAS AXUDAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A FINANCIACIÓN DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO.

Á vista da Orde do 30 de novembro de 2021, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas en réxime de concorrencia non competitiva a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo, relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU, e se convocan para o ano 2022 e 2023, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 238, do 14 de decembro de 2021, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Aprobar a participación deste concello na devandita convocatoria.

2º) Solicitar da citada Consellería unha subvención para a realización das actividades que se describen nos seguintes cadros:

Líña 1.

Proxectos de implantación ou ampliación da recollida separada de biorresiduos destinados a instalación específicas de tratamento biolóxico.

Concepto	Importe sen IVE (2022)	Importe total (2022)	Aportación municipal (2022)	Subvención solicitada (90% s/ importe sen IVE) (2022)
Contedores para a vía pública	13.633,50 €	16.496,54 €	4.226,39 €	12.270,15 €
TOTAL LINA 1	13.633,50 €	16.496,54 €	4.226,39 €	12.270,15 €

Líña 2

Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (in situ):

Concepto	Importe sen	Importe total	Aportación	Subvención solicitada (90% s/
----------	-------------	---------------	------------	-------------------------------



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

	IVE (2022)	(2022)	municipal (2022)	importe sen IVE (2022)
Biotrituradora	9.000,00 €	10.890,00 €	2.790,00 €	8.100,00 €
Composteiros domésticos	1.020,00 €	1.234,20 €	316,20 €	918,00 €
Actuacións formación, difusión e seguimento do proyecto	6.212,03 €	7.516,56 €	1.925,73 €	5.590,83 €
TOTAL LINA 2	16.232,03 €	19.640,76 €	5.031,93 €	14.608,83 €

Ascende o total da subvención solicitada nas liñas 1 e 2 á cantidade de vinte e seis mil oitocentos setenta e oito euros con noventa e oito céntimos (26.878,98 €), correspondente ao 90 % do importe total sen IVE.

2º) Adquirir o compromiso firme de aportación municipal correspondente ás dúas liñas de actuación, polo importe de nove mil douscentos cincuenta e oito euros con trinta e dous céntimos (9.258,32 €), con cargo ao Orzamento Ordinario do ano 2022, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución.

3.- Remitir certificación deste acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, xunto coa documentación prevista no artigo 7 da citada orde.

4º) ASUNTOS VARIOS

4.1 – COMUNICACIÓN PREVIA DE APERTURA DE ACTIVIDADES

EXPEDIENTE: 2019/U019/000017

A) Visto o expediente iniciado co número 927 (RE) de 6/04/2016 por Ana García Agrelo, no que presenta COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE de RESTAURANTE 1 GARFO, que se localiza nobaixo da edificación do Paseo da Ribeira, 41 desta vila (referencia catastral número 8607512MH7580N0001OT).

CONSIDERANDO: Que o pasado 6/08/2019, o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, emite informe do que se desprende a documentación que deberá presentar para continuar coa tramitación do expediente.

CONSIDERANDO: Que mediante oficio co número 2019/999/00000090 (RTS) de 7/08/2019, remíteselle a Ana García Agrelo copia do informe técnico de 6/08/2019 e requireselle que aporte a documentación necesaria para continuar coa tramitación do expediente.

CONSIDERANDO: Que co número 2021/000/00000377 (RE) de 19/02/2021, Ana García Agrelo, presenta documentación para continuar coa tramitación do expediente.

CONSIDERANDO: Que o pasado 11/03/2021, o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, emite novo informe do que se desprende a documentación que deberá presentar para continuar coa tramitación do expediente.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

CONSIDERANDO: Que mediante oficio co número 2021/999/00000071 (RTS) de 12/03/2021, remíteselle a Ana García Agrelo copia do novo informe técnico de 11/03/2021 e requíreselle que aporte nova documentación necesaria para continuar coa tramitación do expediente.

CONSIDERANDO: Que co número 2021/999/00000316 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos do Concello de Fisterra (RTE) de 28/04/2021, Ana García Agrelo, presenta Memoria de actividade para cambio de categoría de Café - Bar a Restaurante 1 Garfo.

CONSIDERANDO: Que o pasado 23/06/2021, o arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, emite outro informe do que se desprende a documentación que deberá presentar para continuar coa tramitación do expediente.

CONSIDERANDO: Que mediante oficio co número 2021/999/00000198 (RTS) de 25/06/2021, remíteselle a Ana García Agrelo copia do informe técnico de 23/06/2021 e requíreselle que aporte a documentación necesaria para continuar coa tramitación do expediente.

CONSIDERANDO: Que co número 2021/999/00000641 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos do Concello de Fisterra (RTE) de 22/10/2021, Ana García Agrelo, presenta Memoria de actividade para cambio de categoría de Café - Bar a Restaurante 1 Garfo.

CONSIDERANDO: Que na Acta de Comprobación Documental de data 20/01/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, declárase completa a documentación presentada e a comunicación previa cumpre co contido establecido no artigo 11 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder acordo de eficacia á COMUNICACIÓN PREVIA de de Inicio de Actividade presentada por ANA GARCIA AGRELO, para o realizar a actividade de "RESTAURANTE 1 GARFO" que se localiza nobaixo da edificación do Paseo da Ribeira, 41 de Fisterra. (referencia catastral número 8607512MH7580N0001OT).

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

4.2) SOLICITUDES DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

A) Visto o expediente iniciado co número 2021/000/00000055 (RE) de 12/01/2022, a petición de J. L. R., no que solicita unha axuda de emerxencia social para equipamentos de primeira necesidade.

Visto o informe de data 17/01/2022, emitido pola Traballadora Social desta Corporación, Montserrat Outes Velay, do que se desprende que se considera procedente a concesión dunha axuda económica para adquirir unha cociña de butano.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

1º) Conceder a J. L. R., unha axuda económica de emerxencia social, por importe de trescentos oitenta e nove euros (389,00 €) para adquisición de equipamentos de primeira necesidade.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) Visto o expediente iniciado co número 2021/000/00000070 (RE) de 13/01/2022, a petición de A. M. S. I., no que solicita unha axuda de emerxencia social para rehabilitación psicopedagóxica de M. C. T.

Visto o informe de data 17/01/2022, emitido pola Traballadora Social desta Corporación, Montserrat Outes Velay, do que se desprende que A. M. S. I., ten acollida a M. C. T., quen precisa facer rehabilitación psicopedagóxica, polo que considera procedente a concesión dunha axuda única coa finalidade de axudarlle a costear o tratamento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a A. M. S. I, unha axuda económica de emerxencia social, por importe de dous centos oitenta euros (280,00 €) para costear parte dos gastos que lle ocasiona a rehabilitación psicopedagóxica de M. C. T

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

C) Visto o expediente iniciado co número 2021/000/00000093 (RE) de 18/01/2022, a petición de T. K., no que solicita unha axuda económica para gastos básicos.

Visto o informe de data 20/01/2022, emitido pola Traballadora Social desta Corporación, María Teresa Dourado Martínez, do que se desprende que se considera procedente a concesión dunha axuda única.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a T.K., unha axuda económica de emerxencia social, por importe de trescentos euros (300,00 €) para cubrir necesidades primarias ao ser persoa carente de medios económicos.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

4.3) SOLICITUDES DE AXUDA A DOMICILIO

A) Visto o expediente iniciado co número 2021/000/00002660 (RE) de 21/12/2021, a petición de A. I. S. C., no que solicita o Servizo de Axuda no Fogar.

Visto o informe de data 30/12/2021, emitido pola Traballadora Social desta Corporación, María Teresa Dourado Martínez, do que se desprende que A. I. ten 83 anos e permanece encamada. O fillo quedou coa súa nai, pero para poder atendela ten que recorrer á axuda



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

privada para o seu aseo e consta proposta de atención domiciliaria positiva para a atención durante 1 hora diaria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Incluír a A. I. S. C. na lista de espera do Servizo de Axuda no Fogar, e tan pronto como sexa posible concederlle este servizo durante 1 hora diaria, que se establecerá segundo a dispoñibilidade da axenda do devandito Servizo de Axuda no Fogar.

2º) Correspóndelle participar no custo do servizo cun 10%, é dicir, 1,20 €/hora.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos.

B) Visto o expediente iniciado co número 2022/000/00000103 (RE) de 19/01/2022, a petición de J. L. D., no que solicita o aumento do horario do servizo de axuda a domicilio.

Visto o informe de data 19/01/2022, emitido pola Traballadora Social desta Corporación, Montserrat Outes Velay, do que se desprende que J. L. D estivo acudindo a rehabilitación no Hospital Virxe da Xunqueira para non perder toda a mobilidade. Recomendáronlle facer exercicios, pero coa única axuda da súa muller é imposible facelos.

Ten aprobado 3 horas semanais de Axuda no Fogar con esta finalidade.

Considerase procedente a concesión de unha hora máis de SAF, os xoves, de 17 a 18 horas, co fin de axudarlle á muller do solicitante a mobilizalo. Correspóndelle participar no custo do servizo cun 10%, é dicir, 1,20 €/horas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a J. L. D, a ampliación de unha hora semanal do Servizo de Axuda no Fogar, os xoves, de 17:00 a 18:00 horas.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

E non tendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión ás 21:00 horas do día en curso, do que como secretario - accidental, dou fe.